MINISTERIO DE POLITICA TERRITORIAL E FUNCIÓN PÚBLICA

Grupo de traballo de Produtividade dos Servizos Periféricos, Persoal laboral de Delegacións e Subdelegacións

18/05/2021

Coas propostas da CIG avanzamos cara un modelo máis xusto de Produtividade

Reunido o Grupo de traballo de Produtividade para tratar de chegar a un novo acordo de criterios de reparto, e deixar atrás o modelo actual de criterios subxectivos, e polo tanto de reparto inxusto, a **CIG** presentou as propostas de mínimos que entendemos que serían aceptables:

- Non facer repartos previos por provincias "xustificados"en informes subxectivos dos responsables dos centros de traballo: a cada persoa traballadora asignaráselle un índice porcentual de produtividade que se calculará cuns criterios de reparto, aplicándoo ó orzamento de produtividade de todos os Servizos Periféricos.
- Unha produtividade lineal da metade do orzamento dispoñible, que poidan percibir todas as persoas traballadoras do convenio, só minorable por causas obxectivas, e que deberán estar explicitamente recollidas e ser cuantificables.
- Unha produtividade por obxectivos de reparto variable da outra metade do orzamento dispoñible. Para esta produtividade só poderán empregarse criterios medibles e verificables, de xeito que se garanta un reparto xusto e obxectivo, e no caso de non poder chegarse a un acordo sobre os mesmos, repartir todo o orzamento de produtividade de xeito lineal.

- Transferir un 75 % do orzamento de horas extraordinarias ó orzamento de produtividade: o IV CUAGE establece a prioridade de compensar as horas extraordinarias con tempo de descanso.
- Ó Grupo de traballo de Produtividade correspóndelle en exclusiva a negociación destes criterios de reparto, e terá a encomenda de verificar as propostas de asignación e o cumprimento dos criterios de asignación de produtividade que fagan os responsables dos departamentos.

Todas estas medidas van encamiñadas a facer que o reparto de produtividades sexa xusto, e que non quede a criterio persoal dos responsables dos departamentos a quen se lle asigna, e canto se lle asigna; que todas e todos teñan acceso a cobrar o complemento de produtividade.

A Administración recolleu as nosas propostas, compartindo na meirande parte as formulacións da **CIG**. En vindeiras reunións traballarase sobre os criterios que guiarán este novo modelo.

Lugo, 19 de maio de 2021.